



BASES QUE REXERÁN O PROCESO DE ELABORACIÓN DE LISTAS CONXUNTAS DO IGAPE E XESGALICIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL TÉCNICO SUPERIOR, E SE ABRE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES EN 2023

O Igape é o instrumento básico de acción da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, planeando e executando as actuacións do goberno autónomo para o apoio aos investimentos considerados estratéxicos no ámbito de Galicia. Desempeña un papel esencial no desenvolvemento de programas e iniciativas que contribúen a acadar os obxectivos económicos estratéxicos da comunidade galega.

Historicamente, o Igape puxo en marcha diversos programas de financiamento, materializados en distintas liñas de préstamos e avais, así como programas de acceso ao crédito mediante convenio subscrito coas sociedades de garantía recíproca galegas e adhesión de entidades financeiras con presenza na Comunidade Autónoma. En relación ás liñas de préstamos, as modalidades e os recursos tamén foron variados. Así, instrumentáronse liñas con recursos do Banco Europeo de Investimentos, con fondos estruturais europeos, e con cargo a fondos propios da Comunidade Autónoma. En canto ás modalidades, implantáronse liñas específicas para diversos sectores ou situacións específicas, e tamén liñas horizontais para facilitar o investimento e o financiamento de circulante para o crecemento, demostrándose que estes programas constitúen unha ferramenta eficaz para favorecer o acceso ao crédito das empresas galegas. A crise económica derivada da pandemia Covid-19, motivou que o Igape aprobara medidas adicionais para contrarrestar o impacto da mesma no tecido empresarial galego.

O inicio do novo marco financeiro plurianual europeo, a asignación de fondos procedentes do Fondo de Transición Xusta para a provincia de A Coruña, a exploración por parte doutros departamentos da Xunta de Galicia da implantación de instrumentos financeiros, así como a necesaria labor de seguimento periódico da crecente carteira de operacións vixentes (na actualidade, en torno a 350), son indicativos do incremento da carga de traballo no eido financeiro do Igape, cuxas funcións son desenvolvidas pola súa Área de Financiamento, que fai necesario incrementar o recursos humanos con efectivos adicionais para a correcta tramitación e xestión dos instrumentos de financiamento existentes e dos que se poñerán en marcha por este Instituto. Trátase de tarefas cunha especial complexidade posto que os programas dirixidos ao financiamento e acceso ao crédito para as empresas, precisan de persoal especializado na materia.

En materia de persoal o Igape, entidade de dereito público, adscrita á Consellería de Economía, Industria e Innovación, réxese polo disposto no Título IV, Capítulo I do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico de Emprego Público, na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que dispón no artigo 59.2 que excepcionalmente poderase acoller a un



sistema de listas por categorías, previa autorización do centro directivo competente en materia de función pública; no Título V, Capítulo I da Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia e no artigo 16 da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Doutra banda, Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Inversión Tipo Cerrado, S.A. (Sociedade Unipersoal) -en adiante, "Xesgalicia" ou "Xesgalicia, SGEIC, SAU"- foi constituída o 18 de marzo de 1999, coa denominación "Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A".

Dende o 23 de marzo de 1999 a Sociedade está inscrita co número 12 no Rexistro de Entidades Xestoras de Capital Risco da Comisión Nacional do Mercado de Valores -en diante, a "CNMV"- (dende a entrada en vigor da Lei 22/2014, Rexistro de Sociedades Xestoras de Entidades de Inversión de Tipo Pechado).

Actualmente, constitúe o seu obxecto social, de acordo co establecido nos seus Estatutos, a administración, representación e xestión de entidades de capital risco, entidades de inversión colectiva de tipo pechado e a xestión de activos de Sociedades de Capital – Risco. Como actividade complementaria poderá realizar tarefas de asesoramento ás empresas coas que manteña vinculación como consecuencia do exercicio da súa actividade conforme ao disposto na Lei 22/2014, de 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital-risco, outras entidades de inversión colectiva de tipo pechado e as sociedades xestoras de entidades de inversión colectiva de tipo pechado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, de 4 de novembro, de Institucións de Inversión Colectiva

En materia de persoal Xesgalicia, coma sociedade mercantil pública autonómica, adscrita á Consellería de Economía, Industria e Innovación, réxese polo disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de aplicación na materia, en concreto no seu artigo 110.c), que dispón que se poderán celebrar contratos laborais de duración determinada, previa convocatoria mediante anuncio público e designación dunha comisión de selección. Na contratación deberá terse presente ó disposto na Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

O Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 27 de setembro de 2023, e o Consello de Administración de Xesgalicia na súa reunión do 25 de setembro de 2023, acordaron aprobar as bases que rexerán o proceso de elaboración de listas conxuntas para a contratación temporal de persoal técnico superior, e abrir o prazo de presentación de solicitudes durante o ano 2023.



BASES DA CONVOCATORIA

Primeira.- Obxecto da convocatoria

O obxecto é a apertura dunha listaxe para a selección polo IGAPE e XESGALICIA de técnicos/as superiores, para a ocupación dos seguintes postos de traballo:

- Técnico/a de Análise de riscos e Seguimento de Carteira (IGAPE), Analista de Investimentos e Seguimento de start-ups (Xesgalicia) e Analista de Investimentos e Seguimento de Carteira (Xesgalicia)
- Técnico/a de Financiamento (IGAPE)

As presentes bases teñen por obxecto a constitución e funcionamento dunha bolsa de emprego para a contratación, con carácter temporal, de persoal laboral para a realización de interinidades ou substitucións. Tal e como regula o artigo 59 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Sector Público Autonómico de Galicia, este sistema de listaxes foi informado pola Dirección Xeral de Función Pública.

Segunda.- Publicidade e réxime xurídico da contratación

A presente convocatoria publicarase no *Diario Oficial de Galicia* segundo o disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Sector Público Autonómico de Galicia e demais normativa de aplicación.

A contratación revestirá a modalidade contractual regulada na lexislación vixente, particularmente, polo disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e no Real Decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

A xornada laboral será de 37,5 horas en cómputo semanal, en quendas de mañá e/ou tarde, en función das necesidades organizativas do Igape e de Xesgalicia. O posto de traballo estará situado ben na sede do Igape no Complexo Administrativo de San Lázaro en Santiago de Compostela, ou ben na sede de Xesgalicia na Rúa Ourense, 6, Santiago de Compostela.



Terceira.- Duración

A contratación obxecto da presente convocatoria efectuarase con carácter temporal. A vixencia estimada dos contratos será dun máximo de tres (3) anos dende a data da súa sinatura.

Para as persoas candidatas seleccionadas, logo de formalizada a relación laboral, establecerase un período de proba dun (1) mes, de conformidade co disposto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

Cuarta.- Tarefas a desempeñar

As actividades a desenvolver consistirán nas indicadas no Anexo III

Quinta.- Requisitos xerais

Os/as aspirantes deberán reunir, no día en que finaliza o prazo de presentación das solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española; ou ser nacional dalgún dos estado membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación dos traballadores; ou ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.
- b) Idade: ter cumpridos dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- d) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitada/o ou en situación equivalente,



nin ter sido sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

e) Estar en posesión da titulación esixida na presente convocatoria.

Sexta.- Requisitos específicos

Os/as aspirantes deberán acreditar que están en posesión da titulación de licenciatura ou grao en ciencias económicas, empresariais ou dirección e administración de empresas, ou outras titulacións relacionadas co ámbito empresarial e/ou xurídico. Os/as aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite no seu caso, a homologación do título. Este requirimento non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

Os/as aspirantes a integrar a lista para a ocupación temporal dos postos de **Técnico/a de Análise de riscos e Seguimento de Carteira** e/ou nos postos de **Analista de Investimentos e Seguimento de start-ups** e **Analista de Investimentos e Seguimento de Carteira** deberán acreditar que durante os dez (10) últimos anos, posúen un mínimo de tres (3) anos de experiencia en, cando menos, dous dos seguintes ámbitos:

- Análise de riscos de crédito en entidades financeiras ou establecementos financeiros de crédito, ou entidades concedentes de financiamento, xestión da instrumentación e cálculo de operacións financeiras.
- Prevención do branqueo de capitais e da financiación do terrorismo: deseño e aplicación de procedementos de dilixencia debida na avaliación de admisión de clientes, realización de exames especiais en operacións con indicios e/ou realización de auditorías de experto externo.
- Administración concursal.
- Análise e diagnóstico económico-financeiro, elaboración de plans de negocio e proxeccións financeiras, controlling financeiro ou dirección financeira.
- Auditoría de contas.
- Análise de investimentos en sociedades xestoras de entidades de investimento de tipo pechado reguladas pola CNMV, ou similares, e valoración de empresas.

Os/as aspirantes a integrar a lista para a ocupación temporal dos postos de **Técnico/a de Financiamento** deberán acreditar que durante os dez (10) últimos anos, posúen un mínimo de tres (3) anos de experiencia en, cando menos, dous dos seguintes ámbitos:



- Tramitación de expedientes administrativos de axudas públicas.
- Análise de riscos en entidade financeira, xestión da instrumentación e cálculo de operacións financeiras.
- Análise e diagnóstico económico-financeiro, elaboración de plans de negocio e proxeccións financeiras, controlling financeiro ou dirección financeira.
- Contabilidade e/ou auditoría de contas.
- Valoración de empresas.
- Elaboración de informes e presentacións mediante o tratamento de bases de datos.

Sétima.- Solicitudes e prazo

Os aspirantes que desexen tomar parte neste proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude, cuberta e asinada, exclusivamente por medios electrónicos, empregando para iso o modelo PR004A de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, dispoñible na Sede Electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/portada>, dirixida á Dirección Xeral do Igape, á que deberán anexar o modelo de solicitude (Anexo I) debidamente cuberto e asinado xunto coa documentación indicada na base oitava, no prazo de vinte (20) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación das mesmas no Diario Oficial de Galicia.

Os aspirantes interesados deberan indicar na súa instancia a/s lista/s nas que solicita a súa incorporación. No caso de que non indiquen ningunha lista, serán excluídos do procedemento de selección.

En todo caso, o tribunal de selección reservará para si o dereito para esixir que se acredite convenientemente a existencia ou non de calquera requisito de participación dos aspirantes en calquera momento anterior á resolución definitiva da selección de persoal. A consignación de datos falsos na instancia ou na documentación entregada polos aspirantes sancionarase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

Oitava.- Documentación a presentar

Os/as aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI.
- b) Currículo. En formato libre, o citado currículum vitae desenvolverá, de forma detallada e exhaustiva, as tarefas realizadas en cada posto laboral, para permitir a valoración da devandita experiencia



- c) Copia auténtica do título universitario.
- d) Certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social.
- e) Copia auténtica dos certificados de coñecemento de idiomas estranxeiros.
- f) Copia auténtica dos documentos que se acheguen para a súa baremación como méritos.
- g) Copia auténtica dos Certificados de experiencia Laboral expedidos por entidade pública ou privada, acreditativa da experiencia profesional, de proceder.

A documentación presentarse en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto ao galego ou castelán deberá ir acompañada de tradución oficial.

Novena.- Procedemento de selección e elaboración da listaxe.

A baremación das solicitudes efectuarase, de acordo coas bases específicas, por unha comisión de selección nomeada por unha resolución conxunta das persoas titulares da Dirección de Igape e Xesgalicia, e será constituída unha vez publicada na web do IGAPE e/ou de Xesgalicia a relación definitiva de aspirantes presentados/as de forma anonimizada.

O tribunal estará constituído por cinco (5) membros, que deberán posuír unha titulación académica de igual ou superior nivel á solicitada como requisito aos aspirantes, e estará composto por:

- *1 presidente/a*
- *1 secretario/a*
- *3 vogais*

A Comisión de Selección estará constituída en virtude do principio de paridade entre mulleres e homes, nos termos establecidos no artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

A Comisión de Selección axustará a súa actuación ao artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Os membros da Comisión estarán suxeitos ás causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para a toma de decisións da Comisión, e demais cuestións da Comisión, estarase ao disposto nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de



selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

Correspóndelle ao tribunal as funcións relativas á cualificación dos aspirantes e á adopción, en xeral, de cantas medidas sexan precisas para o desenvolvemento correcto das probas selectivas e a resolución de incidencias e manterá a súa vixencia ata a sinatura do contrato do aspirante que resulte seleccionado/a.

Ademais, o tribunal resolverá todas as dúbidas e interpretación das bases, así como as situacións derivadas daqueles casos non recollidos nesta convocatoria, axustándose, en todo momento, á normativa de aplicación.

O tribunal de selección deberá contar coa presenza da maioría dos membros (en todo caso, do/da Presidente/a e o/a Secretario/a). Os acordos do tribunal adoptaranse por maioría simple de votos, ostentando o/a Presidente, en caso de empate, voto de calidade.

De cada reunión, o/a Secretario/a do tribunal levantará unha acta, onde recolla os membros presentes, o lugar e data, o resultado das probas e cantos detalles sexan necesarios para acreditar o contido da sesión.

O tribunal terá a súa sede, para os efectos de notificación e incidencias no Igape, Complexo Administrativo de San Lázaro, en Santiago de Compostela, onde se atenderán cantas cuestións sexan formuladas en relación co proceso selectivo.

O tribunal poderá solicitar o asesoramento de especialistas nas materias obxecto das probas desta convocatoria, que terán voz pero non voto.

Décima .- Proceso de selección - Baremación.

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases:

PRIMEIRA FASE: Baremo de méritos (máximo 90 puntos) = 1. Formación adicional + 2. Experiencia profesional + 3. Coñecemento de idiomas estranxeiros.

Se algún/algunha candidato/a supera as puntuacións máximas sinaladas para cada unha das liñas seguintes, outorgaráselle a máxima puntuación.

1. Formación adicional (máximo 20 puntos) =

Valorarase a formación adicional á considerada como mínima nas bases. Neste sentido, valoraranse os cursos, másteres ou posgraos oficiais, todos eles impartidos por centros de titularidade pública ou privada e relacionados coas funcións do posto para cubrir, cun mínimo de 100 horas de duración individualmente considerados, de acordo coa seguinte escala

Duración (D)	Puntuación
$D \geq 1.000$ horas	10
$500 \leq D < 1.000$ horas	7
$100 \leq D < 500$ horas	4
$20 \leq D < 100$ horas	1
$D < 20$	0

En caso de titulacións completas organizadas por créditos, ou certificacións que non inclúan o detalle de horas, asimilárase que 1 crédito é igual a 10 horas de formación.

2. Experiencia profesional (máximo 65 puntos) = 2.A. + 2.B.

2.1 Valorarase a experiencia profesional segundo a seguinte desagregación:

2.A. Valorarase o tempo de experiencia profesional asociada a postos de traballo especificada na base sexta, que supere o mínimo dos tres anos esixido como requisito, desempeñadas no sector público. Outorgarase 0,5 puntos por mes de experiencia acreditada (os contratos a tempo parcial computaranse segundo un criterio de proporcionalidade) cun máximo de 40 puntos.

2.B. Valorarase o tempo de experiencia profesional asociada a postos de traballo especificada na base sexta, que supere o mínimo dos tres anos esixido como requisito, desempeñadas no sector privado. Outorgarase ata un máximo de 25 puntos en función do grao de responsabilidade e similitude de tarefas desenvoltas en relación ao posto de traballo a cubrir.

A puntuación acadada no apartado 2.B poderá ser complementaria á obtida no apartado 2.A.

3. Coñecemento de idiomas estranxeiros (máximo 5 puntos)

Valórase o coñecemento do idioma Inglés Valoraranse os coñecementos que o candidato teña deste idioma en función das certificacións de nivel de inglés presentadas, segundo o seguinte baremo, cun máximo de 5 puntos:

	1 punto	2 puntos	3 puntos	4 puntos	5 puntos
Escola Oficial Idiomas	Nivel Básico 2 A2	Nivel Intermedio 1 B1	Nivel Intermedio 2 B2	Nivel Avanzado 1 C1	Nivel Avanzado 2 C2
U. Cambridge	KET	PET	FCE	CAE	CPE
TOEFL (CBT)	114 - 133	134 - 173	174 - 213	214 - 250	251-300
TOEFL (PBT)	426 - 450	451 - 500	501 - 550	551 - 600	601-677
TOEFL (ITP)	< 35	36 - 58	59 - 89	90 - 112	113 - 120
TOEIC	330 - 355	360 - 550	550 - 780	785 - 945	955 - 990
IELTS, British Council	4.0/4.5	5.0/5.5	6.0	6.5/7.0/7.5	8.0+
Trinity College, London	T. Grades 3, 4	T. Grades 5, 6	T. Grades 7, 8, 9	T. Grades 10, 11	T. Grade 12

SEGUNDA FASE.- Valoración de coñecementos (máximo 10 puntos):

A segunda fase do proceso selectivo consistirá nunha entrevista, como complemento da valoración dos méritos, que realizará a comisión de selección aos mellores candidatos que obtiveran polo menos 45 puntos na primeira fase, co obxectivo de determinar a súa aptitude e experiencia no desenvolvemento do posto de traballo. Versará sobre as actividades a desenvolver no posto de traballo que figuran no Anexo III desta convocatoria e sobre as materias relacionadas no apartado correspondente do anexo II das presentes bases, garantindo a obxectividade e a racionalidade do proceso selectivo. Terase en conta, á hora de valorar a entrevista, os seguintes aspectos: a exactitude do contido das respostas, a exposición e claridade na resposta, a expresión oral e non verbal, a adecuación do aspirante ao posto de traballo e a capacidade para a resolución de problemas.

Á puntuación que obteñan os aspirantes na entrevista sumarase á puntuación obtida na baremación de méritos, respectivamente, resultando elixidos os/as aspirantes que teñan a maior puntuación global.

TERCEIRA FASE.- Exame de galego:

Consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de sesenta (60) minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Corresponderá ao tribunal determinar o coñecemento da lingua galega de acordo co nivel do Celga 4.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten estar en posesión do Celga 4 ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG



núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Undécima.- Lista provisional e definitiva de admitidos

Expirado o prazo para a presentación de solicitudes a comisión de selección publicará no *Diario Oficial de Galicia* e nas páxinas webs do Igape e de Xesgalicia, a lista anonimizada provisional de admitidos/as e excluídos/as, xunto coa causa da súa exclusión, e a súa puntuación. Poderanse interpoñer reclamacións no prazo de tres (3) días desde o día seguinte ao da publicación.

Neste período de emenda soamente pode rectificarse a documentación achegada, sen que se poida achegar nova documentación.

Transcorrido o prazo de reclamacións, a comisión de selección publicará no *Diario Oficial de Galicia* e nas páxinas webs do Igape e de Xesgalicia, a lista definitiva de admitidos coas puntuacións respectivas. A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita coa publicación da lista definitiva.

Duodécima.- Criterios de desempate

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- 1º. No caso de infrarrepresentación do sexo feminino o empate dirimirase na correspondente categoría profesional a prol da muller.
- 2º. Pola puntuación obtida na valoración da experiencia no sector público.
- 3º. Pola puntuación obtida na valoración da experiencia no sector privado.
- 4º. Pola valoración da formación adicional.
- 5º. Pola puntuación obtida en idiomas estranxeiros.

Décimo terceira.- Resolución do proceso de contratación.

Os/as candidatos/as seleccionados deberán aceptar ou rexeitar o posto no momento do chamamento por correo electrónico á dirección da cal recibiran o chamamento (rrhh@igape.es ou xesgalicia@xesgalicia.org, indistintamente), no prazo de DOUS (2) días hábiles contados a partir do día seguinte ao chamamento efectuado. No caso de



que a persoa candidata non confirme a súa aceptación do chamamento mediante o procedemento previamente exposto, considerarase que o rexeitou, e continuarase co chamamento á/s persoa/s aspirante/s que figure/n nos seguintes lugares da lista, de xeito sucesivo e ata que se produza unha aceptación de cada chamamento.

Décimo cuarta.- Datos de carácter persoal

Os datos de carácter persoal serán tratados segundo o disposto na legalidade vixente. As persoas candidatas que participen neste proceso selectivo consenten expresamente a incorporación dos seus datos de carácter persoal nos ficheiros existentes no Igape e Xesgalicia ao seu tratamento. O titular dos datos de carácter persoal poderá exercer os seus dereitos ao tratamento dos mesmos nos termos da devandita Lei Orgánica, solicitándoo nas oficinas do Igape ou no enderezo dpd@xesgalicia.org.

Décimo quinta .- Recursos

Contra a resolución da convocatoria as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Dirección do Igape, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e das Administracións Públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo.

Décimo sexta.- Órgano de contratación

No caso do IGAPE, a persoa titular da Dirección do Igape, e de acordo coa normativa aplicable, procederá á contratación segundo ás bases expostas.

No caso do Xesgalicia, a persoa titular da Dirección de Xesgalicia, e de acordo coa normativa aplicable, procederá á contratación segundo ás bases expostas, de acordo coa autorización con Consello de Administración de Xesgalicia.

Décimo sétima.- Disposición final

A participación neste proceso selectivo por parte das persoas candidatas supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Santiago de Compostela

Covadonga Toca Carús

Directora xeral do IGAPE

Raquel Rodríguez Espiño

Directora xeral de Xesgalicia

ANEXO I



SOLICITUDE PARA A CONSTITUCIÓN DE LISTAXES PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE TITULADOS SUPERIORES PARA IGAPE E XESGALICIA

A persoa cuxos datos figuran a continuación solicita a incorporación á/s lista/s de interinidades e substitucións para a ocupación temporal dos seguintes postos de traballo:

- Técnico/a de Análise de riscos e Seguimento de Carteira (IGAPE), Analista de Investimentos e Seguimento de start-ups (Xesgalicia) e Analista de Investimentos e Seguimento de Carteira (Xesgalicia)
- Técnico/a de Financiamento (IGAPE)

Apelidos:.....

Nome:..... NIF:.....

Enderezo:.....

Localidade:..... Provincia:.....

Código Postal:..... Teléfono:.....

Enderezo de correo electrónico:.....

Data de nacemento:..... Nacionalidade:.....

Nº de afiliación á Seguridade social:.....

Titulación:

NOME DO TÍTULO	CENTRO DE FORMACIÓN	ANO DE OBTENCIÓN

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o interesado presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes en IGAPE e XESGALICIA, SGEIC, SAU e ao tratamento dos mesmos.



DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO

- Copia do D.N.I
- Currículo
- Copia auténtica do(s) título(s) universitario(s)
- Certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social
- Copia auténtica do(s) certificado(s) de coñecemento de idioma(s) estranxeiro(s)
- Copia auténtica dos documentos que se acheguen para a súa baremación como méritos.
- Copia auténtica do Celga 4 ou o título equivalente debidamente homologado.

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA RESPONSABLEMENTE:

- Que, en relación coa FORMACIÓN COMPLEMENTARIA consistente en títulos de máster ou posgraos, impartidos por centros oficiais de titularidade pública ou privada homologados e relacionados co mundo empresarial, ostenta os seguintes:

NOME DO TÍTULO	ANO DE OBTENCIÓ N	CENTRO DE FORMACIÓN	DURACIÓ N (Nº HORAS)



- Que, en relación coa EXPERIENCIA, a realizada en postos con tarefas relacionadas coas funcións do posto para cubrir é a seguinte:

EMPRESA	POSTO DE TRABAJO	TAREFAS DESEMPEÑADAS (DESCRICIÓN EN DETALLE)	DURACIÓN (Nº de MESES)

- Que, en relación coa formación acreditada en coñecemento de INGLÉS, ostenta os seguintes títulos:

NOME DO TÍTULO	NIVEL (*)	CENTRO EMISOR DO TÍTULO	ANO DE OBTENCIÓ N

- Estar en posesión das capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

- Non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario da cal a persoa foi separada ou inhabilitada.



Lugar e data:

Sinatura

Asdo:.....

ANEXO II

MATERIAS COMÚNS SOBRE AS QUE PODERÁ VERSAR A ENTREVISTA:

- A Administración Pública: marco regulatorio (Lei 16/2010, de 17 de decembro, Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).
- Ley 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Principais instrumentos de apoio público ao tecido empresarial de Galicia.
- Contabilidade: Plan Xeral de Contabilidade, Normas Internacionais de Información Financeira, elaboración e análise de estados financeiros.
- Análise de viabilidade de proxectos empresariais: Plans de empresa e determinantes básicas da viabilidade dunha empresa, esquemas de financiación empresarial e de proxectos.

MATERIAS SOBRE AS QUE PODERÁ VERSAR A ENTREVISTA DOS POSTOS DE TÉCNICO/A DE ANÁLISE DE RISCOS E SEGUIMIENTO DE CARTEIRA E DE TÉCNICO/A DE FINANCIAMENTO DO IGAPE.

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Instrumentos de financiamento empresarial. Financiamento privado. Financiamento público. Contratos de financiamento.
- Análise de risco de crédito desde a perspectiva da entidade financiadora.
- O concurso de acredores.
- A prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

MATERIAS SOBRE AS QUE PODERÁ VERSAR A ENTREVISTA DOS POSTOS DE ANALISTA DE INVESTIMENTOS E SEGUIMIENTO DE START-UPS (XESGALICIA) E ANALISTA DE INVESTIMENTOS E SEGUIMIENTO DE CARTEIRA (XESGALICIA)

- O Capital Risco: marco regulatorio (Lei 22/2014, de 12 de novembro), impacto económico e tendencias actuais, o control efectuado pola CNMV.
- O venture capital. Estruturação das roldas de investimento e tendencias actuais do sector en España.
- Esquemas de financiamento empresarial e de proxectos.
- Riscos e factores de análises nun proxecto empresarial.



- Análise de plans de viabilidade e de negocio.
- Pactos de socios. Clausulado de protección do investidor e do equipo fundador.
- Estruturación de plans de incentivos e sistemas de remuneración ao equipo fundador e empregados clave.
- Mecanismos de desinvestimento.

Posto	Tarefas e funcións
<p>IGAPE</p> <p>Técnico/a de Análise de riscos e Seguimento de Carteira e de Técnico/a de Financiamento</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Tramitación en tódalas súas fases das solicitudes dos programas de apoio que faciliten o acceso ao crédito e o financiamento e refinanciamento das empresas. - Análise das solicitudes de financiamento (préstamos, avais...), de acordo cos procedementos de avaliación aprobados e da normativa aplicable, e conclusións sobre a viabilidade da operación. - Seguimento das operacións financeiras concedidas polo IGAPE e das empresas titulares das mesmas, aplicación de medidas de prevención e correctivas da morosidade, xestión do cobramento previa á reclamación xudicial. - Elaboración de informes, xerais e específicos, de xestión, seguimento e valoración de operacións financeiras. - Revisión e control da actividade e da situación económica, financeira e patrimonial das empresas titulares de operacións financeiras subscritas co IGAPE. - Verificación do cumprimento normativo das solicitudes das operacións financeiras e dos seus titulares, con carácter previo á súa aceptación. Seguimento periódico en cumprimento da normativa aplicable. - Realización de exames especiais do cumprimento normativo en materia de aceptación das operacións financeiras e dos seus titulares. - Calquera función que se lle asigne dentro da empresa e en calquera dos centros de traballo do IGAPE, sen máis limitacións que as establecidas nos art. 39 e 40 do Estatuto dos Traballadores.
<p>Xesgalicia</p> <p>Analista de Investimentos e Seguimento de Carteira</p>	<p>Captación e Análise de Proxectos</p> <p>Xunto co director responsable, análise e due diligence do plan de negocio do proxecto, incluíndo, entre outros aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise da oportunidade de negocio: sector, contorna competitiva, proposta de valor, mercado potencial. • Análise da estrutura da compañía: equipo e estrutura organizativa. • Análise das características da tecnoloxía: estado de desenvolvemento, propiedade intelectual e estratexia de protección. • Análise do plan económico – financeiro. • Análise da estruturación financeira e legal proposta para a concesión de financiamento (participación en capital e/ou préstamo).

Posto	Tarefas e funcións
	<ul style="list-style-type: none">• Participación nas entrevistas cos promotores e outros axentes que puidesen intervir/ colaborar na análise, tales como, potenciais clientes, provedores, avaliadores externos tecnolóxicos, de propiedade intelectual.• Soporte na elaboración da proposta de investimento.• Xestión da documentación administrativa relativa ao proceso de análise (LOPD, PBLAC...)• Realización de visitas de traballo ás compañías en curso de análise para coñecer as súas instalacións e o equipo de traballo.• Due Diligence externa. Colaboración e seguimento do proceso <p>Seguimento da carteira</p> <ul style="list-style-type: none">• Monitorización proactiva e continuada da evolución da carteira de empresas participadas, a través de asistencias a reunións, chamadas telefónicas, visitas presenciais ás instalacións das compañías, correos electrónicos, etc.• Xestión da información requirida á carteira de participadas para un adecuado seguimento do investimento: informes trimestrais/mensuais relativos á evolución económico- financeira da compañía, evolución da carteira de produtos/servizos, evolución do mercado, produción etc. A información requirida irase adaptando á casuística de cada compañía.• Reporte interno sobre a evolución da carteira de participadas asignada.• Soporte ás compañías participadas na revisión e actualización do seu plan de negocio, estruturación de novas roldas de investimento, potenciais sinerxías con outras compañías da nosa carteira...• Análise dos investimentos de seguimento propostas polas compañías de carteira.• Análise das solicitudes de refinanciamento propostas polas compañías de carteira.• Soporte ao director responsable na xestión do proceso de desinvestimento das compañías participadas.• Asistencia a consellos de administración/xuntas de accionistas por designación de Xesgalicia. <p>Realización de informes, presentacións e arquivo da información.</p> <ul style="list-style-type: none">• Realización dos informes intermedios de análises e/ou seguimento de carteira requiridos polo director responsable.• Elaboración, redacción e asistencia de informes escritos e presentacións para presentar aos órganos internos de decisión de Xesgalicia.• Documentación do proceso de análise e seguimento da carteira e inclusión de información nos aplicativos informáticos deseñados para o efecto. <p>Miscelánea</p>

Posto	Tarefas e funcións
	<ul style="list-style-type: none">• Seguimento da contorna empresarial galego e nacional. Identificación de tendencias.• Colaboración interna (entre equipo de analistas) nos procesos de análises e seguimento de investimentos.• Participación en sesións de formación técnica, asistencia a foros e xornadas de interese, por indicación de Xesgalicia.• Participación no conxunto de actividades necesarias para a contratación pública de bens e servizos, tal e como a participación en mesas de contratación.• Calquera outras funcións non especificadas anteriormente propias da súa competencia, dentro do exercicio da súa profesión e preparación técnica.
Xesgalicia Analista de Investimentos e Seguimento de start-ups	<p>Captación e análise de proxectos Xunto co director responsable, análise e due diligence do plan de negocio do proxecto, incluíndo, entre outros aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Análise da oportunidade de negocio: sector, contorna competitiva, proposta de valor, mercado potencial.• Análise da estrutura da compañía: equipo e estrutura organizativa.• Análise das características da tecnoloxía: estado de desenvolvemento, propiedade intelectual e estratexia de protección.• Análise do plan económico – financeiro.• Análise da estruturación financeira e legal proposta para a concesión de financiamento (participación en capital e/ou préstamo).• Participación nas entrevistas cos promotores e outros axentes que puidesen intervir/ colaborar na análise, tales como, potenciais clientes, provedores, avaliadores externos tecnolóxicos, de propiedade intelectual.• Soporte na elaboración da proposta de investimento.• Xestión da documentación administrativa relativa ao proceso de análise (LOPD, PBLAC.)• Realización de visitas de traballo ás compañías en curso de análise para coñecer as súas instalacións e o equipo de traballo.• Due Diligence externa. Colaboración e seguimento do proceso <p>Participación en programas de aceleración de Start-ups.</p> <ul style="list-style-type: none">• Participación nos procesos selección dos proxectos no marco dos programas de aceleración nos que Xesgalicia intervén.• Monitorización proactiva da evolución dos proxectos seleccionados no marco dos programas de aceleración, co obxectivo de identificar potenciais oportunidades de investimento para Xesgalicia. <p>Seguimento da carteira de Start-ups.</p>

Posto	Tarefas e funcións
	<ul style="list-style-type: none">• Monitorización proactiva e continuada da evolución da carteira de empresas participadas, a través de asistencias a reunións, chamadas telefónicas, visitas presenciais ás instalacións das compañías, correos electrónicos, etc.• Xestión da información requirida á carteira de participadas para un adecuado seguimento do investimento: informes trimestrais/mensuais relativos á evolución económico-financeira da compañía, evolución da carteira de produtos/servizos, evolución do mercado, produción, etc. A información requirida irase adaptando á casuística de cada compañía.• Reporte interno sobre a evolución da carteira de participadas asignada.• Soporte ás compañías participadas na revisión e actualización do seu plan de negocio, estruturación de novas roldas de investimento, potenciais sinerxías con outras compañías da nosa carteira...• Análise dos investimentos de seguimento propostas polas compañías de carteira.• Análise das solicitudes de refinanciamento propostas polas compañías de carteira.• Soporte ao director responsable na xestión do proceso de desinvestimento das compañías participadas.• Asistencia a consellos de administración/xuntas de accionistas por designación de Xesgalicia. <p>Realización de informes, presentacións e arquivo da información.</p> <ul style="list-style-type: none">• Realización dos informes intermedios de análises e/ou seguimento de carteira requiridos polo director responsable.• Elaboración, redacción e asistencia de informes escritos e presentacións para presentar aos órganos internos de decisión de Xesgalicia.• Documentación do proceso de análise e seguimento da carteira e inclusión de información nos aplicativos informáticos deseñados para o efecto. <p>Miscelánea</p> <ul style="list-style-type: none">• Seguimento da contorna de start-up galego e nacional. Identificación de tendencias.• Colaboración interna (entre equipo de analistas) nos procesos de análises e seguimento de investimentos.• Participación en sesións de formación técnica, asistencia a foros e xornadas de interese, por indicación de Xesgalicia.• Participación no conxunto de actividades necesarias para a contratación pública de bens e servizos, tal e como a participación en mesas de contratación.• Calquera outras funcións non especificadas anteriormente propias da súa competencia, dentro do exercicio da súa profesión e preparación técnica.



Posto	Tarefas e funcións